

Programación

DIDÁCTICA

LINGUAXE MUSICAL

E EDUCACIÓN AUDITIVA

Conservatorio Profesional de
Música de Culleredo

Conservatorio Profesional de Música

Rúa Andrés Pan Vieiro, nº 30

15670 O BURGO – CULLEREDO

Tfn. 981.667798 FAX 981.654644

e-mail: conservatorio@culleredo.org

www.culleredo.es

Profesores integrantes do departamento de Linguaxe Musical:

- Victoria Álvarez Acón
- Teresa Dieste Vilas
- Alberto García Noguero (Xefe de departamento)
- Manuel Rosende Sanjurjo
- Susana Polo Viaño

Índice

1. INTRODUCCIÓN
2. PROGRAMACIÓNS DOS CURSOS DE GRAO ELEMENTAL
3. PROGRAMACIÓNS DOS CURSOS DE GRAO PROFESIONAL
4. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
5. PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA
6. PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN TRIMESTRAIS
7. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN PARA CURSOS PENDENTES DE LINGUAXE MUSICAL
8. PROBAS DE EXAME EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO
9. RECURSOS DIDÁCTICOS
10. ENFOQUE METODOLÓXICO
11. PROCEDEMENTOS DE ACCESO AO CURRÍCULO PARA ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECIAIS
12. ACTIVIDADES CULTURAI E DE PROMOCIÓN DAS ENSIANZAS
13. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA
14. PROBAS DE ACCESO AO GRAO ELEMENTAL
15. PROBAS DE ACCESO AO GRAO PROFESIONAL
16. PROCEDEMENTOS PARA QUE O DEPARTAMENTO COORDINE E REVISE O DESENVOLVEMENTO DA SÚA PROGRAMACIÓN
17. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

1. INTRODUCCIÓN

A Música, a linguaxe dos sons, é un idioma e debemos establecer un forte paralelismo entre a linguaxe musical e a oral, comparando letras con notas, sílabas con motivos e oracións con frases musicais, ensinando no só a capacidade de lectura e interpretación, senón a de comprensión a través das estruturas musicais.

Do mesmo modo que un neno aprende primeiro a falar e despois a ler e escribir, cando ensinamos o linguaxe da música debemos comezar por escoitar, despois falar imitando o escoitado, logo ler e por último aprender as normas, para a súa comprensión, prestando especial atención en ensinar a frase musical desde o comezo para que os nenos comprendan a estrutura musical máis básica.

A finalidade da linguaxe musical é o desenvolvemento das capacidades vocais, rítmicas, psicomotoras, auditivas e expresivas de modo que o código musical se converta nun instrumento útil e eficaz de comunicación e representación, e desenvolver isto na práctica instrumental de modo efectivo.

A ensinanza da linguaxe musical está baseada en desenvolver no alumno/a as capacidades esenciais: saber escoitar, saber cantar, saber ler e saber escribir, para o cal é moi importante a práctica sistemática e constante.

A materia da linguaxe musical é troncal para a formación instrumental sendo este o seu principal cometido, pero sen descuidar a meta dunha formación nun senso máis amplo, unha formación musical humanística.

De esta maneira, a linguaxe musical senta non só as bases necesarias para que o alumno/a acade unha autonomía no descubrimento das partituras que están a aprender no instrumento, senón tamén para capacitalo para a posterior aproximación ás demais materias que compoñen o currículo dos estudos musicais.

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado

unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Grao Elemental: No artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen ditadas no posterior decreto de 27 de setembro de 2007. A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Grao Profesional: A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxetivos, as competencias básicas, os contados e os criterios da avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación concreta e desenvolve dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de Culleredo.

2. PROGRAMACIÓNS DOS CURSOS DE GRAO ELEMENTAL

1º curso do Grao Elemental

OBXETIVOS

- Relacionar os coñecementos adquiridos na clase de linguaxe musical coa práctica do instrumento.
- Adquirir as bases para o desenvolvemento auditivo melódico – rítmico.
- Desenvolver a capacidade esencial da escritura como elemento básico da Linguaxe Musical.
- Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical básica que lle permita ao alumnado comunicar os seus coñecementos.
- Acadar unha correcta emisión e articulación do son.
- Acadar unha correcta asimilación dos contidos correspondentes ao área teórico – práctica.
- Adquirir soltura na lectura de fórmulas rítmicas traballadas durante o curso dentro dos compases que figuran no programa.
- Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.
- Demostrar afán de participación e solidariedade nos traballos en grupo.
- Respetar as normas de organización e indicacións do profesor.
- Demostrar interese pola música en xeral.

CONTIDOS

Lectura Rítmica:

- Coñecemento das claves de Sol e Fa na 4ª liña. Relación de estas claves entre si.
- Ámbito de notas en clave de Sol dende Mi 2 ata Sol 4.
- Lectura polifónica e simultánea nas claves de Sol e Fa en 4ª.

- Interiorización do pulso. Pulso constante. Acento
- Figuras: redonda, branca, negra, corchea, semicorchea e os seus respectivos silencios.
- Signos de prolongación, ligadura, calderón e puntillo.
- Compases simples, 2/4, 3/4 e 4/4. Introducción aos compases compostos, 6/8.
- Contratempo nos compases simples ata a corchea.
- Síncopa.
- Tempo, tempos básicos.
- Práctica da memoria.
- Práctica de ritmos simultáneos.
- Práctica da repentización.

Entoación:

- Interpretación vocal de obras adecuadas ao nivel con ou sen texto, con ou sen acompañamento.
- Respiración e emisión da voz.
- Entoación dos intervalos melódicos simples contidos na escala de Do M e La m.
- Coñecemento dos modos maior e menor.
- Mecanización das escalas e arpejos de do maior e la menor.
- Iniciación ás alteracións.
- Traballo de fragmentos sinxelos a diferentes alturas.
- Entoación básicas a dúas voces.
- Práctica da memoria.
- Práctica da respiración.

Práctica auditiva:

- Discriminación das cualidades do son: agudos – graves, longos – breves, débil – forte, timbres.
- Identificación de compases.
- Reproducción de ditados rítmicos, melódicos e rítmico – melódicos elementais.

- Ditado interválico harmónico e melódico.
- Identificación de erros ou diferenzas entre un fragmento escrito e o escoitado.
- Facer audicións para o coñecemento da historia da música.

Teoría da música:

- Iniciación á caligrafía musical.
- O pentagrama e as claves. Relación entre elas.
- As notas musicais. As liñas adicionais.
- Figuras e silencios.
- Introducción aos compases.
- Dinámicas, matices básicos e variacións graduais.
- Tempo, termos básicos e variacións graduais.
- Signos de prolongación.
- Signos de articulación.
- Escala diatónica e ubicación de tons e semitóns.
- Alteracións propias, accidentais e de precaución.
- Cambios de acentuación: síncopa e notas a contratempo.
- Coñecemento progresivo das distintas familias de instrumentos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Imitar correctamente estruturas rítmicas e melódicas breves coa voz e a percusión. Trátase de avaliar tanto o grao de memoria como a capacidade de reproducilos aspectos sonoro e motriz con fidelidade.
- Recoñecer auditivamente o pulso, acento e o ritmo dunha obra ou fragmento, percutindo cada un deles durante a audición ou o canto de cancións memorizadas previamente, co obxecto de comprobalo grao de percepción dos mesmos.
- Manter o pulso constante durante a realización dos exercicios e en periodos breves de silencio. Este criterio de avaliación ten por obxecto

lograr unha correcta interiorización do pulso que lle permita unha adecuada execución individual ou colectiva.

- Executar vocalmente, xunto coa lectura das notas, mediante a percusión ou instrumentalmente, fragmentos rítmicos que inclúan os contidos do curso, de aproximadamente oito compases. Trátase de avaliar a capacidade de encadear as fórmulas estudadas e a fluidez da soltura de notas, dentro dun tempo establecido.
- Executar ritmos simultáneos sinxelos coas dúas mans.
- Aplicar texto a un ritmo ou viceversa. Trátase de comprobar a capacidade de asociación da acentuación rítmica coa da linguaxe falada.
- Identificar auditivamente cambios sinxelos de compás mediante a percusión do acento. Equivalencia pulso = pulso.
- Interpretar pezas en grupo mediante o canto e a práctica instrumental que permitan ao alumno enriquecer a súa relación afectiva coa música, atendendo ás outras voces e adaptándose ao conxunto.
- Entoar as escalas diatónica de Do M e La m e os arpejos de tónica.
- Entoar unha melodía ou canción tonal con ou sen acompañamento, nas tonalidades de Do M e La m, de aproximadamente oito compases, aplicando indicacións expresivas. Avaliarase a corrección na emisión e na afinación, o respecto aos termos de expresión e a aplicación do ritmo e a lectura.
- Reproducir cancións memorizadas. Este criterio permite avaliar o grao de desenvolvemento da memoria musical.
- Identificar auditivamente movementos melódicos ascendentes, descendentes e sons iguais, así como os contidos rítmicos traballados durante o curso.
- Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados.
- Improvisar estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado. Valorarase tanto a capacidade creativa coma o grao de adaptación ao modelo proposto.
- Improvisar melodías tonais breves como desposta a un fragmento escoitado. Valorarase tanto a capacidade creativa coma o grao de adaptación ao modelo proposto.

- Empregar unha boa caligrafía na escritura musical. Este criterio permite comprobar que o alumnado se expresa musicalmente cunha linguaxe gráfica correcta.
- Demostrar a comprensión dos conceptos teóricos traballados no curso mediante a realización de exercicios sinxelos.
- Presentar o caderno de exercicios realizado correctamente.
- Respetar as normas de organización e indicacións do profesor, atendendo á asistencia e puntualidade.
- Mostrar unha actitude correcta na clase con respecto ao profesor, aos compañeiros/as, ao material de aula e as instalacións do centro.
- Participar con interese tanto no traballo individual coma colectivo, amosando respecto e criterio persoal.
- Demostrar interese pola música en xeral.

MÍNIMOS ESIXIBLES

1º TRIMESTRE

- Nuevo Lenguaje Musical 1: Dende unidade 1 a 10.
- 250 Dictados muy fáciles 1º LOGSE: Dende 1 a 75
- Teoría:
 - Caligrafía musical: Pentagrama, claves, figuras e silencios.
 - Introducción aos compases.

2º TRIMESTRE

- Nuevo Lenguaje Musical 1: Dende unidade 11 a 20.
- 250 Dictados muy fáciles 1º LOGSE: Dende 76 a 150
- Teoría:
 - Termos básicos relacionados co tempo, dinámica.
 - Signos de prolongación e signos de articulación.

3º TRIMESTRE

- Nuevo Lenguaje Musical 1: Dende unidade 21 a 30.
- 250 Dictados muy fáciles 1º LOGSE: Dende 151 a 225
- Teoría:
 - Escala diatónica, ubicación dos tons e semitons.
 - Introducción as alteracións.
 - Cambios de acentuación.

2º curso do Grao Elemental

OBXETIVOS

- Relacionar os coñecementos adquiridos na clase de linguaxe musical coa práctica do instrumento.
- Adquirir as bases para o desenvolvemento auditivo melódico – rítmico.
- Desenvolver a capacidade esencial da escritura como elemento básico da Linguaxe Musical.
- Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical básica que lle permita ao alumnado comunicar os seus coñecementos.
- Acadar unha correcta emisión e articulación do son.
- Acadar unha correcta asimilación dos contidos correspondentes ao área teórico – práctica.
- Adquirir soltura na lectura de fórmulas rítmicas traballadas durante o curso dentro dos compases que figuran no programa.
- Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.
- Demostrar afán de participación e solidariedade nos traballos en grupo.
- Respetar as normas de organización e indicacións do profesor.
- Demostrar interese pola música en xeral.

CONTIDOS

Consolidación dos contidos comprendidos nos distintos apartados da programación do primeiro curso.

Lectura Rítmica:

- Coñecemento das claves de Sol e Fa en 4ª liña. Relación das claves entre sí.
- Lectura polifónica e simultánea entre as claves de Sol e Fa en 4ª.
- Figuras ata a semicorchea e os seus silencios.
- Puntillo ata a corchea.
- Síncopas e contratempos.
- Compases simples: 2/4, 3/4 e 4/4 e compostos: 6/8 e 3/8.
- Equivalencias de pulso = pulso.
- Tempo. Dinámica. Agóxica.
- Práctica de ritmos simultáneos.
- Práctica de repentización e da memoria.
- Grupos de valoración especial regulares nun pulso.
- Fórmulas rítmicas en compases simples e compostos.

Entoación:

- Interpretación vocal de obras adecuadas ao nivel con ou sen texto, con ou sen acompañamento.
- Respiración, articulación e emisión da voz.
- Mecanización interválica, ademáis de escalas e arpejos de tonalidades ata dúas alteracións.
- Sensibilización e práctica do sentimento tonal e modo maior e menor.
- Entoación interválica sinxela dos intervalos de 4ª, 5ª e 8ª xusta.
- Introducción da alteración accidental.
- Práctica e sensibilización vocal de movementos melódicos ascendentes e descendentes.
- Entoación de obras cambiando do modo Maior a menor e viceversa.
- Entoación de melodías empregando a escala armónica.
- Práctica da entoación a dúas voces.

- Práctica da memoria e da repentización.
- Traballo de fragmentos melódicos a diferentes alturas.

Práctica auditiva:

- Sensibilización do modo maior e menor.
- Sensibilización de tono e semitono.
- Discriminación dos acordes de tónica e dominante nas tonalidades traballadas.
- Discriminación dos intervalos de 4^a, 5^a e 8^a xusta.
- Sensibilización de movementos melódicos ascendentes, descendentes nas tonalidades traballadas.
- Identificación de erros ou diferenzas entre un fragmento escrito e o escoitado.
- Introducción as alteracións. Diferenciación do efecto do sostenido e bemol.
- Reproducción de ditados rítmicos, melódicos e rítmico – melódicos elementais.
- Discriminación dos instrumentos da orquesta.
- Facer audicións para o coñecemento da historia da música.

Teoría da música:

- Compases simples e compostos. Unidades de tempo, compás e subdivisión.
- Dinámicas.
- Tempo e modificación do tempo.
- Grupos de valoración especial, tresillos e dosillos.
- Denominación dos intervalos polo número de notas que conteñen, ademais de ascendente e descendente, conxuntos e disxuntos, simples e compostos e melódicos e harmónicos.
- Signos de repetición.
- Nome dos grados da escala. Grados tonais e modais.
- Construcción das escalas.
- Exercicios de caligrafía.

- Coñecemento progresivo das distintas familias de instrumentos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Executar correctamente fórmulas rítmicas nos compases de 2/4, 3/4, 4/4, 6/8 e 3/8, mantendo o pulso constante, con precisión rítmica e con fluidez na lectura de notas nas claves traballadas.
- Manter o pulso durante períodos breves de silencio.
- Marcar os compases con e sen subdivisión.
- Realizar a articulación e as dinámicas adecuadas na lectura rítmica.
- Executar a través da percusión, instrumental ou vocalmente estruturas rítmicas dunha obra ou dun fragmento.
- Amosar destreza psicomotora na realización de polirritmias.
- Realización unha boa emisión vocal fundamentada na respiración diafragmática. Con este criterios nos aseguramos que o alumnado adopta hábitos de canto saudables.
- Entoar as escalas maiores e menores.
- Entoar correctamente e identificar auditivamente movementos melódicos por graos conxuntos e sucesións de sons iguais, así como os intervalos sinxelos traballados no curso. (2ª M e m, 3ª M e m, 4ª, 5ª e 8ª xustas)
- Entoar correctamente melodías en tonalidades con ata dúas alteracións na armadura, maiores e menores, con acompañamento e sen el. De producirse acompañamento, este non reproducirá a melodía.
- Reproducir modelos melódicos sinxelos a partir de diferentes alturas.
- Entoar atendo ás indicacións agónicas e dinámicas expresadas na partitura.
- Aplicar un texto a un ritmo sinxelo.
- Improvisar estruturas rítmicas sobre unha proposta previa.
- Improvisar melodías tonais breves a partir dunha proposta previa.
- Identificar auditivamente e reproducir por escrito dictados que conteñan as dificultades traballadas no curso.

- Describir, logo dunha audición, os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas (modo, compás, intervalos sinxelos, fórmulas melódicas e rítmicas, aspectos formais, timbres e aspectos que resulten máis notorios)
- Distinguir auditivamente diferentes timbres.
- Empregar unha boa caligrafía na escritura musical.
- Demostrar a comprensión dos conceptos teóricos traballados no curso mediante a realización de exercicios sinxelos.
- Saber analizar intervalos, tonalidades e escalas nos exercicios propostos, así como nas partituras traballadas na aula ou do seu propio repertorio de instrumento.
- Respetar as normas de convivencia dentro e fóra do aula. Verificar a actitude do alumnado de respecto e traballo dentro da aula e comprobar que se acude a clase cos deberes feitos. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado por manter unha actitude de educación e atención na clase.
- Coidar e usar axeitadamente o material de aula, así como facerse responsable do seu material.

MÍNIMOS ESIXIBLES

1º TRIMESTRE

- Lenguaje Musical Rítmico II: Dende inicio ata páxina 33.
- Nuevos Dictados Progresivos: Cuaderno 2A.
- Teoría del Lenguaje Musical y Fichas de Ejercicios. 2º de Grado Elemental: Dende tema 1 a 8.

2º TRIMESTRE

- Lenguaje Musical Rítmico II: Dende páxina 34 ata 60.
- Nuevos Dictados Progresivos: Cuaderno 2B.

- Teoría del Lenguaje Musical y Fichas de Ejercicios. 2º de Grado Elemental: Dende tema 9 a 16.

3º TRIMESTRE

- Lenguaje Musical Rítmico II: Dende páxina 61 ata 88.
- Nuevos Dictados Progresivos: Cuaderno 2C.
- Teoría del Lenguaje Musical y Fichas de Ejercicios. 2º de Grado Elemental: Dende tema 17 a 24.

3º curso do Grao Elemental

OBXETIVOS

- Relacionar os coñecementos adquiridos na clase de linguaxe musical coa práctica do instrumento.
- Adquirir as bases para o desenvolvemento auditivo melódico – rítmico.
- Desenvolver a capacidade esencial da escritura como elemento básico da Linguaxe Musical.

- Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical básica que lle permita ao alumnado comunicar os seus coñecementos.
- Acadar unha correcta emisión e articulación do son, así coma unha boa afinación.
- Acadar unha correcta asimilación dos contidos correspondentes ao área teórico – práctica.
- Adquirir soltura na lectura de fórmulas rítmicas traballadas durante o curso dentro dos compases que figuran no programa.
- Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.
- Demostrar afán de participación e solidariedade nos traballos en grupo.
- Respetar as normas de organización e indicacións do profesor.
- Demostrar interese pola música en xeral.

CONTIDOS

Consolidación dos contidos comprendidos nos distintos apartados da programación do segundo curso.

Lectura Rítmica:

- Dominio das claves de Sol e Fa en 4ª liña. Relación das claves entre sí.
- Lectura polifónica e simultánea entre as claves de Sol e Fa en 4ª.
- Figuras ata a semicorchea e os seus silencios.
- Dominio da equivalencia pulso = pulso.
- Grupo de valoración especial irregulares nun pulso.
- Compases 2/2, 9/8 e 12/8. Subdivisión do 3/8.
- Práctica de ritmos simultáneos.
- Tempo, agónica, dinámica e articulación.
- Práctica de repentización e da memoria.
- Grupos de valoración especial regulares nun pulso.
- Fórmulas rítmicas en compases simples e compostos.
- Improvisación rítmica adecuada ao nivel de terceiro, con proposta previa.

Entoación:

- Interpretación de obras adecuadas ao nivel con ou sen acompañamento.
- Respiración, articulación e emisión da voz.
- Mecanización interválica, ademáis de escalas e arpejos de tonalidades ata catro alteracións.
- Práctica do cromatismo.
- Entoación consciente dos catro tipos de escala menor e maior.
- Entoación dos intervalos xa traballados, engadindo 2ª, 3ª, 6ª, 7ª Maiores e menores, dentro e fora do contexto tonal.
- Entoación a dúas e tres voces.
- Práctica da memoria e da repentización.
- Traballo de fragmentos melódicos a diferentes alturas.

Práctica auditiva:

- Reproducción de ditados rítmicos, melódicos e rítmico – melódicos elementais.
- Sensibilización de movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesión de sons iguais nas tonalidades traballadas.
- Discriminación dos intervalos de 2ª, 3ª, 6ª e 7ª Maior e menor, 4ª, 5ª e 8ª xusta, tanto melódicos coma harmónicos.
- Identificación de erros ou diferenzas entre un fragmento escrito e o escoitado.
- Acordes de I, IV e V nas tonalidades traballadas.
- Consonancia e disonancia.
- Discriminación dos catro tipos de escalas menores.
- Discriminación dos instrumentos da orquesta.
- Facer audicións para o coñecemento da historia da música.

Teoría da música:

- Semitón cromático e diatónico.
- Estudio e clasificación completa dos intervalos.
- Enharmonías.
- Alteracións dobres.

- Tonalidade e modalidade. Obtención da tonalidade a partir das alteracións e viceversa.
- Obtención do relativo menor.
- Catro tipos de escalas maiores e menores.
- Termos de carácter, dinámica, termos e signos de articulación e acentuación, termos expresivos básicos de interpretación.
- Coñecemento progresivo das distintas familias de instrumentos.

CRITERIOR DE AVALIACIÓN

- Executar correctamente as fórmulas rítmicas e os compases traballados nos cursos anteriores, máis os de 9/8, 12/8 e 2/2 mantendo o pulso constante (interiorizando o silencio), con precisión rítmica e con fluidez na lectura de notas nas claves traballadas. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade de relacionar os parámetros espazotemporais comúns ao discurso sonoro coa súa representación gráfica.
- Realizar a articulación e as dinámicas adecuadas na lectura rítmica.
- Ler correctamente fragmentos rítmico – melódicos con cambio de clave.
- Executar a través da percusión, instrumental ou vocalmente estruturas rítmicas dunha obra ou dun fragmento. Con este criterio de avaliación preténdese constatar a capacidade de encadear diversas fórmulas rítmicas adecuadas ao nivel con toda precisión e dentro dun tempo establecido.
- Amosar destreza psicomotora na realización de polirritmias.
- Imitar, improvisar e crear secuencias rítmicas cos contidos abordados co uso da percusión indeterminada ou percusión corporal.
- Realizar unha boa emisión vocal.
- Entoar correctamente melodías en tonalidades con ata catro alteracións na armadura, maiores e menores, con ou sen acompañamento pianístico, tanto con partitura coma de memoria, tanto estudias coma repentizadas.

- Entoar atendendo ás indicacións agóxicas e dinámicas expresadas na partitura.
- Entoar correctamente e identificar auditivamente sucesións de intervalos dentro e fóra do contexto tonal.
- Entoar correctamente tódolos tipos de escalas maiores e menores traballadas.
- Transportar modelos melódicos a diferentes alturas. Trátase de comprobar a destreza do alumnado para reproducir un mesmo feito melódico dende calquera son mantendo correctamente a intervállica do modelo.
- Improvisar estruturas rítmicas e melódicas sobre unha proposta previa.
- Identificar intervalos harmónicos maiores, menores e xustos nun rexistro medio.
- Recoñecer auditivamente tódolos tipos de escalas maiores e menores traballadas durante o curso.
- Reproducir por escrito melodías, recoñecendo previamente a estrutura armónica, o compás e a nota de comezo.
- Identificar auditivamente e reproducir por escrito dictados a unha voz que conteñan as dificultades traballadas no curso, dictados de intervalos e dictados de acordes.
- Describir, logo dunha audición, os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas (modo, compás, intervalos sinxelos, fórmulas melódicas e rítmicas, aspectos formais, timbres e aspectos que resulten máis notorios)
- Interpretar cambios sinxelos de compás e identificalos auditivamente.
- Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos teóricos traballados no curso e amosar a súa comprensión aplicándoos a exercicios prácticos.
- Recoñecer e construír os intervalos e as escalas maiores e menores.
- Saber os contidos adquiridos nas partituras do seu repertorio instrumental.

- Respetar as normas de convivencia dentro e fóra da aula. Verificar a actitude do alumnado de respecto e traballo dentro da aula e comprobar que se acude a clase cos deberes feitos.
- Coidar e usar exeitadamente o material de aula, así como facerse responsable do seu material.

MÍNIMOS ESIXIBLES

1º TRIMESTRE

- El Lenguaje de la Música 3: Dende unidade 1 ata 10.
- 125 Dictados Fáciles: Dende 1 ata 42.
- Nuevos Cuadernos de Teoría 3: Dende bloque 1 ata 4.

2º TRIMESTRE

- El Lenguaje de la Música 3: Dende unidade 11 ata 20.
- 125 Dictados Fáciles: Dende 43 ata 84.
- Nuevos Cuadernos de Teoría 3: Dende bloque 5 ata 8.

3º TRIMESTRE

- El Lenguaje de la Música 3: Dende unidade 21 ata 28.
- 125 Dictados Fáciles: Dende 84 ata 125.
- Nuevos Cuadernos de Teoría 3: Dende bloque 9 ata 11.

4º curso do Grao Elemental

OBXETIVOS

- Relacionar os coñecementos adquiridos na clase de linguaxe musical coa práctica do instrumento.
- Adquirir soltura na lectura de fragmentos melódicos e rítmicos correspondentes ao nivel do curso.
- Desenvolver a lectura e entoación a primeira vista.
- Desenvolver a capacidade auditiva para recoñecer e reproducir fragmentos melódico – rítmicos en diversas tonalidades.
- Desenvolver a capacidade esencial da escritura como elemento básico da Linguaxe Musical.
- Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical básica que lle permita ao alumnado comunicar os seus coñecementos.
- Acadar unha correcta emisión e articulación do son, así coma unha boa afinación.
- Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.
- Demostrar afán de participación e solidariedade nos traballos en grupo.
- Respetar as normas de organización e indicacións do profesor.
- Demostrar interese pola música en xeral.

CONTIDOS

Consolidación dos contidos comprendidos nos distintos apartados da programación do terceiro curso.

Lectura Rítmica:

- Dominio das claves de Sol e Fa en 4ª liña. Coñecemento das claves de Do en 1ª, 2ª, 3ª e 4ª e Fa en 3ª. Relación das claves entre sí.
- Lectura polifónica e simultánea entre as claves de Sol e Fa en 4ª.
- Práctica de tódalas figuras e os seus silencios ata a fusa.
- Compases: 3/2, 4/2, 2/8, 5/8, 7/8, 8/8 e 11/8.
- Compases subdivididos.
- Estudio das equivalencias, pulso = pulso e figura = figura.
- Grupos de valoración especial irregulares.
- Grupos de valoración especial regular en dous pulsos.
- Práctica da acentuación irregular. Cambios de acentuación.
- Ritmos populares españois: seguidillas, xotas, muiñeiras, peteneras, zortzicos, boleros, etc.
- Identificación e interpretación de tódolos signos que afectan ao tempo, dinámica e agónica, ademais dos fundamentais que atañen ao carácter.
- Improvisación rítmica adecuada ao nivel de cuarto, con proposta previa.

Entoación:

- Interpretación vocal de obras adecuadas ao nivel con ou sen texto, con ou sen acompañamento.
- Respiración, articulación e emisión da voz.
- Mecanización interválica, ademais de escalas e arpejos de tonalidades ata catro alteracións.
- Entoación de melodías basándose nas escalas pentátona, hexátona e cromática.
- Entoación de pezas elaboradas con ritmos españois.
- Mecanización de tódolos intervalos simples.
- Práctica do cromatismo.
- Entoación ata catro voces.
- Sensibilización, identificación, coñecemento e interpretación dos termos e dos signos que afectan á expresión.
- Dominio da memoria e da repentización.

- Traballo de fragmentos melódicos a diferentes alturas.

Práctica auditiva:

- Reprodución de dictados rítmicos, melódicos e rítmico – melódicos nas tonalidades traballadas.
- Sensibilización de movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesión de sons iguais nas tonalidades traballadas.
- Discriminación dos intervalos diatónicos ata a 8ª, melódicos e harmónicos.
- Discriminación das escalas diatónicas menores e maiores.
- Identificación de erros ou diferenzas entre un fragmento escrito e o escoitado.
- Recoñecemento auditivo dos acordes fundamentais nas tonalidades traballadas.
- Recoñecemento de cadencias suspensivas e conclusivas.
- Discriminación dos instrumentos da orquesta.
- Facer audicións para o coñecemento da historia da música.

Teoría da música:

- Repaso de intervalos, enharmonías, graos da escala (tonais e modais), escalas diatónicas, tonalidades, termos de velocidade, agónica, dinámica, signos de articulación e acentuación.
- Compases: de partes desiguais, mixtos ou dispares e a un tempo.
- Comprensión teórica das equivalencias empregadas na práctica.
- Transporte escrito dunha melodía. Relación coa lectura das claves.
- Outras escalas pentáfona, hexáfona e cromática.
- Coñecemento das notas de paso, floreo e apoiatura.
- Signos de abreviatura na escritura.
- Acordes: inversión de acordes, perfectos maiores e menores, de 5ª diminuída, de 5ª aumentada e de 7ª de dominante.
- Identificación dos acordes empregados nunha melodía, con ou sen acompañamento.
- Tipos de comezos e finais de frase.

- Análise de melodías, escala empregada e acordes empregados.
- Cadencias.
- Coñecemento das distintas familias de instrumentos.
- Repaso de todos os contidos teóricos do grao elemental.

CRITERIOR DE AVALIACIÓN

- Executar correctamente e con fluidez fórmulas rítmicas nos compases traballados nos cursos anteriores, máis os de 3/2, 4/2, 2/8, 5/8, 7/8, 8/8 e 11/8, atendendo aos cambios de compás, equivalencias e grupos de valoración especial e con fluidez na lectura de notas nas claves traballadas. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade de relacionar os parámetros espazotemporais comúns ao discurso sonoro coa súa representación gráfica.
- Manter o pulso durante períodos de silencio. Este criterio de avaliación ten por obxecto lograr unha correcta interiorización do pulso que lle permita unha adecuada execución individual ou colectiva.
- Executar a través da percusión, instrumental ou vocalmente estruturas rítmicas dunha obra ou dun fragmento. Con este criterio de avaliación preténdese constatar a capacidade de encadear diversas fórmulas rítmicas axeitadas ao nivel con toda precisión e dentro dun tempo establecido.
- Interpretar cambios sinxelos de compás e identificalos auditivamente. Intentarase verificar a capacidade de realización práctica e a capacidade de percepción auditiva dos cambios de compás.
- Entoar correctamente e identificar auditivamente sucesións de intervalos dentro e fóra do contexto tonal. Este criterio permite detectar

o dominio do intervalo por parte do alumnado, como elemento indispensable de aplicación a estruturas tonais ou non.

- Entoar correctamente melodías en tonalidades con ata catro alteracións na armadura, maiores e menores, con acompañamento e sen el. Este criterio ten por obxecto comprobar a capacidade do alumnado para aplicar as súas técnicas de entoación e xusteza de afinación a un fragmento tonal aplicando indicacións expresivas presentes na partitura. De producirse acompañamento instrumental, este non reproducirá a melodía.
- Realizar unha boa emisión vocal fundamentada na respiración diafragmática. Con este criterio nos aseguramos de que o alumnado adopta hábitos de canto saudables.
- Transportar modelos melódicos a diferentes alturas. Trátase de comprobar a destreza do alumnado para reproducir un mesmo feito melódico dende calquera son, mantendo correctamente a interválica do modelo.
- Improvisar estruturas rítmicas e melódicas sobre unha proposta previa. Con este criterio de avaliación preténdese estimular a capacidade creativa do alumnado aplicando libremente fórmulas rítmicas coñecidas e conceptos tonais básicos.
- Identificar auditivamente e reproducir por escrito dictados a unha voz, en tonalidades ata catro alteracións, que conteñan as dificultades traballadas no curso, dictados de intervalos, acordes, cadencias, etc. Con este criterior comprobamos o desenvolvemento do oído musical e da memoria.
- Indentificar intervalos harmónicos maiores, menores, xustos e de 4ª aumentada nun rexistro medio. Procúrase, con este criterio, coñecer a capacidade do alumnado para a audición simultánea entre diferentes relacións interválicas.
- Describir, logo dunha audición, os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas (modo, compás, intervalos sinxelos, fórmulas melódicas e rítmicas, cadencias, aspectos formais, timbres, etc.) Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do

alumnado para percibir aspectos distintos tras seleccionar os aspectos que se deban identificar ou ben deixando que se identifiquen libremente os aspectos que resulten máis notorios.

- Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos teóricos traballados no curso e amosar a súa comprensión aplicándoos a exercicios prácticos. Con este criterio compróbase o grao de comprensión dos contidos teóricos.
- Verificar a actitude do alumnado respecto ao traballo dentro do aula e comprobar que se acude a clase cos deberes feitos. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado por manter unha actitude de educación e atención na clase e cara aos compañeiros/as e profesorado.

MÍNIMOS ESIXIBLES

1º TRIMESTRE

- El Lenguaje de la Música 4: Dende unidade 1 ata 12.
- 85 Dictados hasta 2 alteraciones: Dende 1 ata 28.
- Nuevos Cuadernos de Teoría 4: Dende bloque 1 ata 5.

2º TRIMESTRE

- El Lenguaje de la Música 4: Dende unidade 13 ata 24.
- 85 Dictados hasta 2 alteraciones: Dende 29 ata 57.
- Nuevos Cuadernos de Teoría 4: Dende bloque 6 ata 9.

3º TRIMESTRE

- El Lenguaje de la Música 4: Dende unidade 25 ata 31.
- 85 Dictados hasta 2 alteraciones: Dende 58 ata 85.
- Nuevos Cuadernos de Teoría 4: Dende bloque 10 ata 13.

1º curso do Grao Profesional

OBXETIVOS

- Relacionar os coñecementos adquiridos na clase de linguaxe musical coa práctica do instrumento.
- Adquirir soltura na lectura de fragmentos melódicos e rítmicos correspondentes ao nivel do curso.
- Adquirir soltura na lectura das claves: Sol, Fa en 4ª, Do en 1ª, 3ª e 4ª.
- Empregar a disociación motriz e auditiva necesarias para executar ou escoitar con independencia desenvolvementos rítmicos ou melódicos simultáneos (polirrítmias).
- Entoar melodías con ou sen acompañamento, con cambio de tonalidade ou modulacións, ou basándose nas escalas ou modos a traballar.
- Desenvolver a lectura e entoación a primeira vista.

- Entoar de forma consciente escalas tonais, modais, acordes e intervalos.
- Dominio das equivalencias nos distintos cambios de compás.
- Recoñecer e reproducir correctamente por escrito fragmentos musicais a unha ou dúas voces.
- Desenvolvemento da memoria musical.
- Propiciar o emprego dunha terminoloxía básica que lle permita ao alumnado comunicar os seus coñecementos.
- Propiciar actitudes de respecto aos compañeiros e ao profesorado así coma de coidado do material de clase.
- Demostrar interese pola música en xeral.

CONTIDOS

Consolidación dos contidos comprendidos nos distintos apartados da programación dos catro cursos do Grao Elemental.

Lectura Rítmica:

- Dominio das claves de Sol e Fa en 4ª liña. Coñecemento e práctica da clave de Do en 1ª, 3ª e 4ª. Relación das claves entre sí.
- Lectura rítmica articulada.
- Polirritmias 3:2, 2:3, 3:4, 4:3, 5:2 (en compases de subdivisión binaria e ternaria)
- Compases de partes dispaes e de amalgama.
- Compases subdivididos.
- Compases tradicionais tratados como dispaes.
- Compases alternos 6/8 3/4.
- Equivalencia pulso = pulso con cambio a compases dispaes.
- Equivalencia corchea = corchea.
- Lectura a primeira vista.

- Aplicación de ornamentos adecuándoos á época da obra interpretada (apoiatura, mordente, portamento, tierce coulée, acciaccatura, trémolo, vibrato, trino, grupeto, acorde arpexado, fioritura e cadenza ou fermata).
- Improvisación sobre fórmulas rítmicas establecidas ou libres.
- Iniciación ás grafías contemporáneas.

Entoación:

- Interpretación vocal de obras adecuadas ao nivel con ou sen texto, con ou sen acompañamento.
- Entoación das escalas maiores e menores co seus correspondentes tipos, e dos acordes das leccións traballadas.
- Práctica da escala pentáfona, hexátona e cromática.
- Entoación de intervalos maiores, menores, xustos aumentados e diminuídos.
- Práctica auditiva e vocal de estruturas tonais enriquecidas na súa linguaxe por flexións ou modulacións, con reforzamento auditivo do proceso.
- Entoación con modulación a tono homónimo.
- Entoación consciente de melodías ou fragmentos cos elementos traballados.
- Práctica da polifonía.
- Entoación modal.
- Iniciación á entoación do século XX.
- Práctica da repentización e da memoria.

Práctica auditiva:

- Reprodución de dictados, melódicos e rítmico – melódicos a unha voz ata catro alteracións.
- Reproducción de dictados rítmico – melódicos a dúas voces, só graos tonais na voz grave.
- Recoñecemento auditivo de estruturas harmónicas básicas.
- Percepción auditiva de intervalos maiores, menores, xustos, aumentados e diminuídos.

- Percepción dos acordes Maiores e menores, 5ª Aumentada e Disminuída, 7ª de dominante e 7ª disminuída, en estado fundamental e as súas inversións.
- Traballo sobre as alteracións accidentais.
- Recoñecemento dos catro tipos de escalas maiores e menores.
- Análise auditivo de fragmentos.
- Recoñecemento das distintas cadencias traballadas.
- Discriminación dos instrumentos da orquesta.
- Facer audicións para o coñecemento da historia da música.

Teoría da música:

- Racionalización teórica dos contidos prácticos reseñados nos apartados anteriores.
- Clasificación das distintas voces harmónicas e claves empregadas nas mesmas (antiga e moderna).
- Relación e ámbito das claves entre sí.
- Compases: Simples, Compostos, Amalgama e Dispaes.
- Polirritmia e polimetría.
- Intervalos: ampliación e redución. Clasificación, especies e inversión.
- Acordes (continuación).
- Enharmonías de notas, intervalos e acordes.
- Iniciación á armonía: consonancia e disonancia.
- Notas extrañas ao acorde: paso e floreo.
- Cadencias (continuación).
- Sistemas musicais antigos: modos griegos e modos eclesiásticos.
- Escalas en xeral.
- Iniciación á forma e sintaxes musical: célula, frase, semifrase e período.
- Análise de melodías: escala empregada, acordes empregados.
- Aplicación de ornamentos adecuándoos á época da obra interpretada (apoiatura, mordente, portamento, tierce coulée, acciaccatura, trémolo, vibrato, trino, grupeto, acorde arpexado, fioritura e cadenza ou fermata).
- Iniciación ás grafías contemporáneas.
- Introducción ao transporte.

- Coñecemento das distintas familias de instrumentos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Executar fragmentos rítmicos con regularidade no pulso, fluidez na lectura de notas, interpretación correcta das fórmulas rítmicas e da articulación.
- Executar polirritmias mediante a disociación motriz e auditiva, escoitando con independencia desenvolvementos rítmicos ou melódicos simultáneos.
- Entoar de xeito preciso escalas tonais, modais, acordes e intervalos.
- Entoar melodías con ou sen acompañamento cunha rigurosa emisión das notas naturais e das alteracións accidentais, con precisión na medida, na afinación e na interpretación das indicacións dinámicas, agónicas e de fraseo.
- Reproducir por escrito escalas tonais, modais, acordes e intervalos.
- Reproducir por escrito estruturas harmónicas básicas escoitadas.
- Reproducir por escrito obras, fragmentos musicais a unha ou dúas voces.
- Demostrar os coñecementos teóricos.
- Verificar a actitude do alumnado respecto ao traballo dentro do aula e comprobar que se acude a clase cos deberes feitos. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado por manter unha actitude de educación e atención na clase e cara aos compañeiros/as e profesorado.

MÍNIMOS ESIXIBLES

1º TRIMESTRE

- El Lenguaje de la Música 1 G.P.: Dende unidade 1 ata a 10.
- LAZ. Libro V: Dende lección 1 ata a 25.
- Nuevos Dictados Progresivos 5: Cuaderno 5A.
- Teoría Completa de la Música vol. 1 y vol. 2.

2º TRIMESTRE

- El Lenguaje de la Música 1 G.P.: Dende unidade 11 ata a 20.
- LAZ. Libro V: Dende lección 26 ata a 50.
- Nuevos Dictados Progresivos 5: Cuaderno 5B.
- Teoría Completa de la Música vol. 1 y vol. 2.

3º TRIMESTRE

- El Lenguaje de la Música 1 G.P.: Dende unidade 21 ata a 30.
- LAZ. Libro V: Dende lección 51 ata a 75.
- Nuevos Dictados Progresivos 5: Cuaderno 5C.
- Teoría Completa de la Música vol. 1 y vol. 2.

2º curso do Grao Profesional

OBXETIVOS

- Relacionar os coñecementos adquiridos na clase de linguaxe musical coa práctica do instrumento.
- Adquirir soltura na lectura de fragmentos melódicos e rítmicos correspondentes ao nivel do curso.
- Adquirir soltura no emprego das sete claves.
- Acadar soltura rítmica na execución de compases non tradicionais.
- Utilizar a disociación motriz e auditiva necesaria para executar ou escoitar con independencia desenvolvementos rítmicos ou melódicos simultáneos (polirritmias).
- Desenvolver a lectura e entoación a primeira vista.
- Entoar melodías con ou sen acompañamento con precisión na medida, a afinación e interpretación dos elementos expresivos.
- Recoñecer e representar gráficamente fragmentos musicais a unha ou dúas voces utilizando estruturas harmónicas básicas.
- Recoñecer auditivamente aspectos formais, cadenciais, modos de ataque, articulacións, matices, ornamentos, timbres dos diferentes instrumentos e situados na época e estilo.
- Aplicar tódolos coñecementos teóricos á práctica musical.
- Propiciar o emprego dunha terminoloxía básica que lle permita ao alumnado comunicar os seus coñecementos.
- Desenvolver os recursos da voz para unha boa interpretación de liñas melódicas tonais, modais e atonais.
- Adquirir as bases para o desenvolvemento auditivo, melódico, rítmico e formal.
- Analizar obras musicais recoñecendo os elementos do linguaxe musical e interpretando correctamente os símbolos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea.
- Aplicar tódolos coñecementos adquiridos durante os 6 cursos de linguaxe musical no repertorio a traballar.

CONTIDOS

Consolidación dos contidos comprendidos nos distintos apartados da programación dos catro cursos do Grao Elemental e o 1º curso do Grao Profesional.

Lectura Rítmica:

- Dominio das claves de Sol e Fa en 4ª liña. Soltura na lectura das sete claves. Relación das claves entre sí.
- Lectura rítmica articulada.
- Traballo das equivalencias, cambios de tempo e de compás.
- Polirritmias. Repaso do curso anterior: 3:2, 2:3, 3:4, 4:3, 5:2.
- Grupos de valoración especial con e sen silencios, regulares e irregulares en varios pulsos.
- Compases dispaes con calquera numerador e denominador.
- Compases de valor engadido e de valor reducido.
- Lectura da música sen compasar.
- Graffías contemporáneas básicas.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Transporte.
- Improvisación sobre fórmulas rítmicas establecidas ou libres.
- Resumo de todo o material que forma parte dos aspectos rítmicos da linguaxe musical dende os inicios até o século XX.

Entoación:

- Interpretación vocal de obras adecuadas ao nivel con ou sen texto, con ou sen acompañamento ata sete alteracións na armadura.
- Entoación das escalas maiores e menores co seus correspondentes tipos, e dos acordes das leccións traballadas.
- Entoación das escalas modais das leccións traballadas.
- Leccións de tonalidade vaga e atonais.
- Mecanización de tódolos intervalos dentro e fora dun contexto tonal.
- Práctica da polifonía.

- Práctica e aplicación de signos e termos relativos á dinámica e a agónica.
- Práctica da repentización e da memoria.

Práctica auditiva:

- Reprodución de dictados, melódicos e rítmico – melódicos a unha voz ata sete alteracións.
- Reproducción de dictados rítmico – melódicos a dúas voces ata cinco alteracións na armadura, só graos tonais na voz grave.
- Recoñecemento auditivo de estruturas harmónicas.
- Percepción auditiva de intervalos maiores, menores, xustos, aumentados e diminuídos.
- Dictado de acordes Maiores e menores, 5ª Aumentada e Disminuída, 7ª de dominante e 7ª diminuída, en estado fundamental e as súas inversións.
- Análise auditivo de fragmentos.
- Recoñecemento das distintas cadencias.
- Discriminación dos instrumentos da orquesta.
- Facer audicións para o coñecemento da historia da música.

Teoría da música:

- Racionalización teórica dos contidos prácticos reseñados nos apartados anteriores.
- Repaso do transporte e instrumentos transpositores.
- Relación e ámbito das claves entre sí.
- Compases mixtos, demimais, fraccionarios, quebrados e compases inusuais.
- Polirritmia e polimetría.
- Análise dos acordes empregados en pequenas obras.
- Repaso acordes traballados e engadir os de Dominantes secundarias, 9ª, 6ª aumentada e 6ª napolitana.
- Cadencias (continuación).
- Modulación.

- Acústica. Vibración en cordas e tubos. Reflexión e refracción, difracción do son. Fenómeno físico – harmónico, intervalos básicos da serie harmónica.
- Sistemas compositivos: Atonalidade, Politonalidade, Dodecafonismo, Serialismo.
- Recapitulación de todos os contidos teóricos da Linguaxe Musical.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Executar unha lectura dun fragmento rítmico de aproximadamente 16 compases atendendo ás indicacións metronómicas e ás equivalencias indicadas.
- Entoar unha melodía ou canción tonal con ou sen acompañamento, de aproximadamente 16 compases, que inclúa os intervalos, tipos de escala, alteracións accidentais e as modulacións traballadas aplicando indicacións expresivas.
- Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados de 8 compases aproximadamente, a unha ou dúas voces con baixos que conteñan tanto as notas básicas dos acordes tonais como notas de paso.
- Recoñecer auditivamente aspectos formais, cadencias, modos de ataque, articulacións, matices, ornamentos, timbres dos diferentes instrumentos e situar coa maior aproximación posible o estilo e maila época das obras ou fragmentos escoitados.
- Analizar unha obra do repertorio traballad atendendo a todos os elementos traballados no curso.
- Aplicar os coñecementos teóricos adquiridos durante o curso a unha proba específica teórica – práctica.

MÍNIMOS ESIXIBLES

1º TRIMESTRE

- Nuevo Lenguaje Musical II.: Dende unidade 1 ata a 4.
- Teoría del Lenguaje Musical y fichas de ejercicios 2º G.P.
Temas 1, 2, 3 y 4.

2º TRIMESTRE

- Nuevo Lenguaje Musical II.: Dende unidade 5 ata a 7.
- Teoría del Lenguaje Musical y fichas de ejercicios 2º G.P.
Temas 10, 6, 7, 8 e 9.

3º TRIMESTRE

- Nuevo Lenguaje Musical II.: Dende unidade 8 ata a 11.
- Teoría del Lenguaje Musical y fichas de ejercicios 2º G.P.
Temas 5, 11, 12, 13 y 14.

4. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

GRAO ELEMENTAL E GRAO PROFESIONAL

Na L.O.E ao igual que na L.O.X.E. os profesores poden calificar aos seus alumnos sen necesidade de que estes sufran un exame diante dun tribunal.

No que se refire á Linguaxe Musical debemos considerar que esta asignatura ten carácter troncal e ademais agora ven concebida, non só coma a materia que engloba os contidos do antigo Solfexo, senón tamén debe dar nos seus últimos cursos a chave de pasa ás outras materias dun modo máis graduado do que sucedía anteriormente entre o Solfexo e Harmonía por exemplo. De este xeito, a Linguaxe Musical constitúese tamén coma o lugar de recurso onde atopar as claves que lles permitan aos alumnos unha maior comprensión do feito musical.

A pesar da perspectiva apuntada non debemos esquecer que a Linguaxe Musical resulta ser ademais o “abc” dos que inician os seus estudos musicais.

Despois destas consideracións resulta obvio que a observación directa na propia aula dos alumnos resulta ser o criterio máis fiable de avaliación, ademais de ser este o sistema requerido pola administración competente.

Desta observación podemos obter moitas conclusións, tanto no que se refire aos coñecementos adquiridos, ás inquiredanzas coma á interese do alumnado, que é

o que, na meirande parte dos casos, vai permitir co paso do tempo que éste chegue a ser músico.

Ainda parecendo o criterio de avaliación continua o máis axeitado para avaliar aos alumnos, tamén temos establecidas probas trimestrais con información para os titores cos resultados das mesmas.

Estas probas abranguen en cada un dos cursos os seguintes apartados, tendo en conta os criterios de avaliación do trimestre reflectidos nas distintas programacións:

- Exercicios de lectura rítmica.
- Exercicios de entoación con ou sen acompañamento pianístico.
- Realización dun dictado.
- Exercicio de teoría escrito.

Ademais do exposto, pode parecer oportuno establecer tamén algunha proba mensual, ou cando o profesor o considere necesario, para controlar máis de forma individual, os contidos teóricos e prácticos da asignatura, e imprescindibles no dictado.

De acordo coa L.O.E. contemplárase non só a apredizaxe dos contidos conceptuais e procedimentais, senón tamén os contidos actitudinais.

Consideramos moi importante estes últimos, xa que teñen moita influencia nos conceptuais á hora de valorar o rendemento do curso dun alumno/a en particular. Estes contidos actitudinais serán:

- Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.
- Demostrar afán de participación e solidariedade nos traballos en grupo.
- Respetar as normas de organización e indicacións do profesor.
- Demostrar interese pola música en xeral.

Será o propio profesor quen cualifique ao final de curso aos seus alumnos, tendo en conta o exposto anteriormente no proxecto curricular e facendo, se é

preciso, unha desglose da puntuación obtida polo alumno/a en cada apartado dos contidos procedimentais, conceptuais, ritmos, entoación, teoría e dictado (tendo que obter en cada un dos catro apartados unha nota igual ou superior a cinco) ademais dos actitudinais.

A cualificación global non só é a media das cualificacións parciais; esta cualificación global será a que mereza o desenvolvemento da capacidade do alumno/a durante o curso, significará o nivel de preparación e o grao de madurez que éste leva para facerlle fronte ao curso seguinte, posto que a avaliación é continua e sumativa en todos os aspectos aquí reflectidos.

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, considerándose positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativa as inferiores a 5.

4.1 MÍNIMOS ESIXIBLES

Acadar os obxetivos mínimos fixados na programación para cada curso e nos decretos 198/2007 e 203/2007 que establecen o currículo das ensinanzas musicais nos conservatorios.

4.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os resultados da avaliación trimestral e final expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, considerándose positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5.

5. PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA

O proceso de aprendizaxe artístico nos niveis elemental e profesional, require un seguimento constante e continuado por parte do profesorado e polo tanto, a asistencia regular ás clases.

Consideraremos perdido o dereito a avaliación continua aquel alumno/a que teña 6 ou máis faltas de asistencia sen xustificar dentro do mesmo trimestre.

6. PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN TRIMESTRAIS

Farase a recuperación na propia clase, os mesmos contidos da asignatura favorecen unha aprendizaxe construtiva (cada elemento asimilado é base para a asimilación dun novo) xa que logo é imprescindible asegurar os elementos non asimilados para poder continuar a aprendizaxe.

O alumno/a que ao final do curso non consiga acadar unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse ás probas extraordinarias de setembro que figuran neste currículo, co mesmo profesor.

7. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN PARA CURSOS PENDENTES DE LINGUAXE MUSICAL

O alumno/a que teña un curso pendente de Linguaxe Musical, matricularase do curso seguinte ademais de dita asignatura. Deberá asistir ás clases dos dous cursos. Mentres non alcance os niveis esixidos e teña superado o curso pendente, non poderá acadar unha cualificación positiva no curso superior.

Faranse exames abrangendo todos os contidos da materia pendente para poder aprobar dita asignatura dentro do trimestre que o profesor considere oportuno. No caso que o alumno/a supere dita proba coa cualificación correspondente, poderá deixar de asistir ás clases do curso pendente, quedando este superado.

8. PROBAS DE EXAME EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

Estes exames serán únicamente para aqueles alumnos/as que non superen a materia de Linguaxe Musical ao longo do curso. Dito exame consistirá nos seguintes apartados, tendo en conta os contidos xerais do curso correspondente reflectidos nas programacións de Linguaxe Musical.

GRAO ELEMENTAL

- Exercicio de lectura rítmica.
- Exercicio de entoación con acompañamento pianístico.
- Realización dun dictado a unha voz.
- Exercicio escrito de teoría.

Os criterios de avaliación son os mesmo que figuran para o terceiro trimestre do curso correspondente.

GRAO PROFESIONAL

1º Curso de Grao Profesional

- Exercicio de lectura rítmica nas claves de Sol e Fa en 4ª.
- Exercicio de lectura de claves abranguendo as esixidas no dito curso.
- Exercicio de entoación con acompañamento pianístico.
- Realización dun dictado a dúas voces.
- Exercicio escrito de teoría.

2º Curso de Grao Profesional

- Exercicio de lectura rítmica empreñando as sete claves.
- Exercicio de entoación con acompañamento pianístico.
- Realización dun dictado a dúas voces.
- Exercicio escrito de teoría.

Os criterios de avaliación son os mesmo que figuran para o terceiro trimestre do curso correspondente.

9. RECURSOS DIDÁCTICOS

Para o cumprimento da programación de cada curso o profesor poderá empregar como complemento o material didáctico que estime oportuno.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA PARA O CURSO 2017/2018

1º Curso de Grao Elemental

- Ana M^a Navarrete Porta: El Lenguaje de la Música 1. Madrid. Sociedad Didáctico Musical.
- Gabriel Robles Ojeda – M^a Victoria Robles Martín: Nuevo Lenguaje Musical 1. Ediciones Si bemol.
- Ibáñez – Cursá: Cuaderno de Lenguaje 1ºA, 1ºB, 1ºC. Grado Elemental. Real Musical.
- López de Arenosa: Ritmo y Lectura 1. Real Musical.
- Xavier Boliart: Técnica básica de Lenguaje Musical. Cursos 1º y 2º de Grado Elemental. Editorial Dinsic.
- Luis Elizalde: Canto Escolar 1. Publicaciones Claretianas.
- Félix Sierra: Lecciones de entonación. Preparatorio. Real Musical.
- Antonio Zamorano: Nuevos Dictados Progresivos 1º LOGSE. Mundimúsica Ediciones.
- Gabriel Robles Ojeda: 250 Dictados muy fáciles 1º LOGSE. Ediciones Si bemol.
- Ibáñez – Cursá: Nuevos Cuadernos de Teoría 1º Grado Elemental. Real Musical.

2º Curso de Grao Elemental

- Ana M^a Navarrete Porta: El Lenguaje de la Música 2. Madrid. Sociedad Didáctico Musical.
- Ibáñez – Cursá: Cuaderno de Lenguaje 2ºA, 2ºB, 2ºC. Grado Elemental. Real Musical.
- López de Arenosa: Ritmo y Lectura 1. Real Musical.
- Xavier Boliart: Técnica básica de Lenguaje Musical. Cursos 1º y 2º de Grado Elemental. Editorial Dinsic.
- Félix Sierra: Lecciones de entonación 2º. Real Musical.
- Félix Sierra: Lecciones de entonación a 2 voces. Real Musical.
- Gabriel Robles Ojeda: 250 Dictados muy fáciles 2º LOGSE. Ediciones Si bemol.
- Ibáñez – Cursá: Nuevos Cuadernos de Teoría 2º Grado Elemental. Real Musical.

3º Curso de Grao Elemental

- Ana M^a Navarrete Porta – Manuel Moreno Buendía: El Lenguaje de la Música 3. Madrid. Sociedad Didáctico Musical.
- López de Arenosa: Ritmo y Lectura 2. Real Musical.
- Xavier Boliart: Técnica básica de Lenguaje Musical. Curso 3º de Grado Elemental. Editorial Dinsic.
- Félix Sierra: Lecciones de entonación 3º. Real Musical.
- Antonio Zamorano: Nuevos Dictados Progresivos 2º LOGSE. Mundimúsica Ediciones.
- Ibáñez – Cursá: Nuevos Cuadernos de Teoría 3º Grado Elemental. Real Musical.
- Dionisio de Pedro: Teoría Completa de la Música (volumen 1). Real Musical.

4º Curso de Grao Elemental

- Ana M^a Navarrete Porta – Manuel Moreno Buendía: El Lenguaje de la Música 4. Madrid. Sociedad Didáctico Musical.

- López de Arenosa: Ritmo y Lectura 3. Real Musical.
- Xavier Boliart: Técnica básica de Lenguaje Musical. Curso 4º de Grado Elemental. Editorial Dinsic.
- Félix Sierra: Lecciones de entonación 4º. Real Musical.
- Antonio Zamorano: Nuevos Dictados Progresivos 3º LOGSE. Mundimúsica Ediciones.
- Ibáñez – Cursá: Nuevos Cuadernos de Teoría 4º Grado Elemental. Real Musical.
- Dionisio de Pedro: Teoría Completa de la Música (volumen 1 e 2). Real Musical.

1º Curso de Grao Profesional

- Ana Mª Navarrete Porta – Manuel Moreno Buendía: El Lenguaje de la Música 1º Grado Profesional. Madrid. Sociedad Didáctico Musical.
- López de Arenosa: Ritmo y Lectura 3. Real Musical.
- Lambert – Alfonso – Zamacois: LAZ (Libro V). Editorial Boileau.
- Pedro Zarpe: Práctica de las siete claves. Editorial Música Mundana.
- Eduardo Armenteros: A través de las Escalas. Editorial Musicinco.
- Xavier Boliart: Técnica básica de Lenguaje Musical 1º y 2º de Grado Profesional. Editorial Dinsic.
- Antonio Zamorano: Nuevos Dictados Progresivos 5º LOGSE. Mundimúsica Ediciones.
- Ibáñez – Cursá: Nuevos Cuadernos de Teoría 1º Grado Profesional. Real Musical.
- Villa Rojo: Graffías Contemporáneas. Real Musical.
- Joaquín Zamacois. Teoría de la Música (volumen 1 e 2). Editorial Labor.
- Dionisio de Pedro: Teoría Completa de la Música (volumen 1 e 2). Real Musical.

2º Curso de Grao Profesional

- Ana M^a Navarrete Porta – Manuel Moreno Buendía: El Lenguaje de la Música 2º Grado Profesional. Madrid. Sociedad Didáctico Musical.
- López de Arenosa: Ritmo y Lectura 4. Real Musical.
- Lambert – Alfonso – Zamacois: LAZ (Libro V). Editorial Boileau.
- Pedro Zarpe: Práctica de las siete claves. Editorial Música Mundana.
- Eduardo Armenteros: A través de las Escalas. Editorial Musicinco.
- Félix Sierra: Lecciones de Entonación nº5. Real Musical.
- Félix Sierra: Lecciones de Entonación. Partes dispares. Real Musical.
- Xavier Boliart: Técnica básica de Lenguaje Musical 1º y 2º de Grado Profesional. Editorial Dinsic.
- Antonio Zamorano: Nuevos Dictados Progresivos 6º LOGSE. Mundimúsica Ediciones.
- Ibáñez – Cursá: Nuevos Cuadernos de Teoría 2º Grado Profesional. Real Musical.
- Villa Rojo: Graffías Contemporáneas. Real Musical.
- Joaquín Zamacois. Teoría de la Música (volumes 1 e 2). Editorial Labor.
- Dionisio de Pedro: Teoría Completa de la Música (volumen 1 e 2). Real Musical.

10. ENFOQUE METODOLÓGICO

A metodoloxía empregada polo profesorado de Linguaxe Musical, a pesar de presentar características individuais en función da personalidade de cada un, a idade dos alumnos/as, o nivel de coñecementos do grupo, etc. posúe un importante punto en común: trátase dunha metodoloxía activa e significativa; parte da experiencia vivida para ir máis tarde ao coñecemento teórico.

Dita metodoloxía implica directamente ao alumno/a e baséase na aprendizaxe e no descubrimento de situacións comunicativas que fomentan a creatividade e a propia autonomía dos alumnos/as.

A planificación das clases realizarase sempre de acordo co programa a desenvolver durante o ano, e tamén tendo en conta a distribución trimestral da materia.

11. PROCEDEMENTOS DE ACCESO AO CURRÍCULO PARA ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS

A LOE fundamenta na igualdade e na equidade a atención ao ANEE de apoio educativo. A normalización e a inclusión preséntase coma a base de intervención. No capítulo II, “ A organización das ensinanzas e a aprendizaxe ao longo da vida” sinala no artigo 3 que as ensinanzas adaptaranse ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Dita adaptación garantiría o acceso, a permanencia e a progresión deste alumnado no sistema educativo.

Da normativa vixente en materia de ANEE extraemos que as medidas de atención á diversidade desenrólanse nos seguintes niveis:

- Adaptación de acceso. Son as que centran o seu efecto na posibilidade de acceso dos alumnos/as a todos os espazos e servizos do centro educativo. (Amparado polas Leis 8/1997, do 20 de agosto e a Lei 51/2003, do 2 de decembro).
- Adaptacións organizativas ou medidas de reforzo educativo. Afectan aos elementos non prescriptivos do currículo.
- Adaptacións curriculares. Modifican os componentes básicos ou prescriptivos do currículo das diferentes áreas curriculares.

12. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO

O traballo realizado dentro da aula verase moi enriquecida coas distintas actividades complementarias establecidas polo departamento.

Dentro de cada curso, poderanse realizar ao longo do ano actividades como as que seguen:

- Asistencia aos ensaios das agrupacións do conservatorio.
- Asistencia a concertos e audicións organizados polo conservatorio.
- Asistencia a concertos organizados fora do centro, etc.
- Asistencia aos concertos express realizados no centro.

13. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Para que a un alumno/a lle sexa concedida a ampliación de matrícula, terá que ser co beneplácito de todos os profesores/as que lle están a impartir as distintas materias. No que respecta á Linguaxe Musical, os profesores/as, previa información dos titores (dentro do primeiro trimestre) faranlles un exame para avaliar os contidos propios do curso a superar. O alumno/a amosará nese exame que domina os contidos do curso no que se matriulou, pero tamén terá que amosar o grao de aptitudes e a capacidade para superar o seguinte.

14. PRBAS DE ACCESO AO GRAO ELEMENTAL

Probas de acceso. 1º Curso de Grao Elemental.

Esta proba non presupón coñecementos técnicos de música.

CONTIDO DA PROBA

- **Test rítmico:** O profesor/a tocará cun lapiseiro, palmas ou instrumento de pequena percusión unha fórmula rítmica e o aspirante terá que repetila exactamente igual.
- **Test de entoación:** O profesor/a cantará ou tocará nun piano uns movementos melódicos e o aspirante terá que repetilo coa súa propia voz.
- **Test de psicomotricidade:** O profesor/a realizará exercicios con alternancia das súas mans; exercicios con alternancia de mans e pés e exercicios con percusión corporal que o aspirante terá que repetir.

Todo os test realizaranse por imitación, insistindo na marcha regular do pulso.

Ningún test será eliminatorio.

Os contidos do test poderán estar adaptados a tres bloques de idades:

- Bloque de 7 a 9 anos.
- Bloque de 10 a 11 anos.
- Bloque de 12 a 14 anos.

A proba calificarase de forma global e numérica de 1 a 10 puntos, debendo obter o aspirante unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba.

Entendendo que a idade é directamente proporcional ao grao de maduración para afrontar unha proba deste tipo, establécese unha ponderación que terá en conta a idade dos aspirantes como coeficiente corrector primando aos de menor idade.

Calificarase ata un decimal.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA AS PROBAS DE INGRESO A 1º DE GRAO ELEMENTAL

Aínda que non existe unha coincidencia de criterios á hora de demostrar cientificamente a natureza das aptitudes musicais, é evidente que as aptitudes rítmicas e auditivas son básicas e esenciais para progresar na interpretación musical. Por outra parte, parecen as máis axeitadas para realizar unha valoración obxectiva das condicións que o neno/a posúen por natureza.

A proba está baseada en exemplos de imitación rítmica e melódica, ademais de coordinación motora.

En cada un dos exercicios establécese unha orde de dificultade de progresións para facilitar unha mellor matización nas valoracións dos resultados.

Terase en conta a precisión rítmica e a regularidade do pulso, así como a entoación e a afinación nos exemplos melódicos.

Probas de acceso. 2º Curso de Grao Elemental.

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados da programación do 1º curso.

CONTIDOS DA PROBA

- **Repentización rítmica:** En clave de Sol.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio de entoación en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Dictado rítmico - melódico:** A unha voz, e con extensión de 6 a 8 compases. En Do Maior ou La menor, figuración rítmica ata a semicorchea e compás simple. Para a realización do dictado, daráselles aos examinados o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do dictado, a velocidade do pulso e o compás (nesta orde).
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito.

Os exercicios de Teoría e Dictado realizaranse nunha única sesión e terán a duración dunha hora. Os exercicios escritos deberan ser presentados pasados a tinta.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinado disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.

Probas de acceso. 3º Curso de Grao Elemental.

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos cursos anteriores.

CONTIDOS DA PROBA

- **Repentización rítmica:** En clave de Sol e Fa en cuarta.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio de entoación en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Dictado rítmico - melódico:** A unha voz, e con extensión de 6 a 8 compases, ata unha alteración na armadura, podendo levar tamén algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea e compás simple. Para a realización do dictado, daráselles aos examinados o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do dictado, a velocidade do pulso e o compás (nesta orde).
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito.

Os exercicios de Teoría e Dictado realizaranse nunha única sesión e terán a duración dunha hora. Os exercicios escritos deberan ser presentados pasados a tinta.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinado disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.

Probas de acceso. 4º curso de Grao Elemental.

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos cursos anteriores.

CONTIDOS DA PROBA

- **Repentización rítmica:** En clave de Sol e Fa en cuarta.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio de entoación en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Dictado rítmico - melódico:** A unha voz, e con extensión de 8 a 12 compases, ata unha alteración na armadura, podendo levar tamén algunha accidental e figuración rítmica ata a semicorchea. Para a realización do dictado, daráselles aos examinados o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do dictado, a velocidade do pulso e o compás (nesta orde).
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito.

Os exercicios de Teoría e Dictado realizaranse nunha única sesión e terán a duración dunha hora. Os exercicios escritos deberan ser presentados pasados a tinta.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinado disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA AS PROBAS DE ACCESO DE 2º, 3º E 4º DE GRAO ELEMENTAL

Os criterios de avaliación para calificar aos alumnos son os seguintes:

- Destreza, control e fluidez na lectura rítmica, mantendo o pulso constante.
- Unha boa emisión de voz así como unha correcta entoación e afinación.
- Capacidade para reproducir por escrito un dictado melódico – rítmico.
- Asimilación correcta dos contidos correspondentes ao área teórico práctica.

Calificarase mediante escala numérica de 1 a 10 ata un decimal. Consideraranse positivas as calificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5.

A calificación obterase a partir da seguinte ponderación:

- Lectura rítmica: 30 %
- Entoación: 30 %
- Dictado: 30 %
- Teoría: 10 %

15. PRUBAS DE ACCESO AO GRAO PROFESIONAL

Pruebas de acceso. 1º curso de Grao Profesional.

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos catro cursos de Grao Elemental.

CONTIDOS DA PROBA

- **Repentización rítmica:** En clave de Sol e Fa en cuarta en compás regular.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio de entoación en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Dictado rítmico - melódico:** A unha voz en compás regular dunha extensión de 8 a 16 compases, ata dúas alteración na armadura, podendo aparecer algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea e grupos de valoración especial regulares. Para a realización do dictado, daráselles aos examinados o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do dictado, a velocidade do pulso e o compás (nesta orde).
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito.

Os exercicios de Teoría e Dictado realizaranse nunha única sesión e terán a duración dunha hora. Os exercicios escritos deberan ser presentados pasados a tinta.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinado disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA AS PROBAS DE ACCESO A 1º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

Os criterios de avaliación para calificar aos alumnos/as son os seguintes:

- Capacidade para executar os cambios de compás tendo en conta as equivalencias indicadas.
- Destreza, control e fluidez na lectura rítmica.
- Unha boa emisión da voz así como unha correcta entoación e afinación.
- Capacidade para reproducir por escrito un dictado melódico – rítmico.
- Asimilación correcta dos contidos correspondentes ao área teórico práctica.

Calificarase mediante escala numérica de 1 a 10 ata un decimal. Consideraranse positivas as calificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5.

A calificación obterase a partir da seguinte ponderación:

- Lectura rítmica: 30 %
- Entoación: 30 %
- Dictado: 30 %
- Teoría: 10 %

Probas de acceso. 2º curso de Grao Profesional.

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos catro cursos de Grao Elemental e do primeiro curso do Grao Profesional.

CONTIDOS DA PROBA

- **Repentización rítmica:** En clave de Sol e Fa en cuarta en compases regulares e irregulares coa aplicación das equivalencias.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio de entoación en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía ata cinco alteracións na armadura.
- **Dictado rítmico - melódico:** A unha voz en compás regular dunha extensión de 8 a 16 compases, ata tres alteración na armadura, podendo aparecer algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea e

grupos de valoración especial regulares e irregulares. Para a realización do dictado, daráselles aos examinados o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do dictado, a velocidade do pulso e o compás (nesta orde).

- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito.

Os exercicios de Teoría e Dictado realizaranse nunha única sesión e terán a duración dunha hora. Os exercicios escritos deberan ser presentados pasados a tinta.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinado disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.

Probas de acceso. 3º, 4º, 5º e 6º curso de Grao Profesional.

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións de todos os cursos de Linguaxe Musical.

CONTIDOS DA PROBA

- **Repentización rítmica:** Con emprego das sete claves.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio de entoación en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Dictado rítmico - melódico:** A dúas voces dunha extensión de 8 a 16 compases, ata cinco alteracións na armadura, podendo aparecer algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea e grupos de valoración

especial regulares e irregulares. Para a realización do dictado, daráselles aos examinados o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do dictado, a velocidade do pulso e o compás (nesta orde).

- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito.

Os exercicios de Teoría e Dictado realizaranse nunha única sesión e terán a duración dunha hora. Os exercicios escritos deberan ser presentados pasados a tinta.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinado disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA AS PROBAS DE ACCESO A 2º, 3º, 4º, 5º e 6º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

Os criterios de avaliación para calificar aos alumnos/as son os seguintes:

- Capacidade para executar os cambios de compás tendo en conta as equivalencias indicadas.
- Destreza, control e fluidez na lectura rítmica.
- Unha boa emisión da voz así como unha correcta entoación e afinación.
- Capacidade para reproducir por escrito un dictado melódico – rítmico a dúas voces.

- Asimilación correcta dos contidos correspondentes ao área teórico práctica.

Calificarase mediante escala numérica de 1 a 10 ata un decimal. Consideraranse positivas as calificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5.

A calificación obterase a partir da seguinte ponderación:

- Lectura rítmica: 30 %
- Entoación: 30 %
- Dictado: 30 %
- Teoría: 10 %

16. PROCEDIMENTOS PARA QUE O DEPARTAMENTO COORDINE E REVISE O DESENVOLVEMENTO DA SÚA PROGRAMACIÓN

As reunións de departamento convocadas polo xefe/a do mesmo para debater como se desenvolve o curso son cruciais, fomentando o diálogo e o intercambio de opinións de forma recíproca.

Os traballos en equipo como a elaboración de exames en conxunto e a corrección dos mesmos unifica criterios e é sempre moi positiva para o funcionamento do conxunto do departamento.

17. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

A valoración e seguimento mensual ao longo das reunións de departamento do desenvolvemento da programación, as avaliacións trimestrais, e tódalas incidencias, opinións e cuestións recollidas ao longo do ano deber ser valoradas e avaliadas ao remate do curso xunto cos resultados obtidos, para facer unha avaliación interna do departamento de cara a establecer e optimizar o proceso de esinanza – aprendizaxe.